

GUÍA PARA O ALUMNO.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS:

Trátase de afianzar coñecementos que xa tedes e construír en base a eles outros novos.

Para iso empregaremos o ordenador e un Proxecto denominado Newton, que aínda que nun principio está pensado para a materia de Física, eu adapteino a Electrotecnia, posto que a electricidade e o magnetismo son principios físicos.

Nada do que nós estudamos non garda relación coa física, a única diferenza é que ao mellor, centrámonos máis en aspectos prácticos e que, por suposto, estamos máis especializados nun único tema: a Electricidade e a Electrónica.

Cada un de vós traballará co seu ordenador.

Debedes ter en conta que non se trata de xogar, nin sequera de probar a darlle ao botón a ver que pasa. Todas as actividades que realicedes teñen que estar xustificadas teórica e numericamente no voso caderno de traballo e, por suposto comprendidas.

Tede en conta que a proba de avaliación non será a través da páxina.

Realizaremos unha proba de avaliación inicial e outra proba de avaliación final.

Confío en que vos leve a unha produtiva e máis amena aprendizaxe.

CONTIDOS DIDÁCTICOS A TRATAR:

1. Coñecementos Previos: Actividades De Ampliación.

A corrente alterna escena: ALTERNADOR

1. Xeración de c.a.: o alternador
2. Representación de magnitudes senoidais.
3. Parámetros da corrente alterna: período, frecuencia, pulsación
4. Valores máximos
5. Valores eficaces
6. Valores medios
7. Valores instantáneos
8. Desfase Tensión-Intensidade. Representación.

Circuitos de corrente alterna: escena: circuito RLC

1. Circuito R
2. Circuito L
3. Circuito C
4. Circuito RLC

2. Contidos Novos Para Os Alumnos

Potencia: escena: circuito RLC

1. Activa
2. Reactiva
3. Aparente
4. Factor de potencia

Resonancia nun Circuito RLC serie

Transformación da c.a.: O Transformador

escena: [O TRANSFORMADOR](#)

1. Nocións básicas
2. Estrutura interna
3. Principio de funcionamento
4. Relación de transformación

MODO DE EMPREGO DOS RECURSOS

Os contidos están estruturados da seguinte maneira:	Cada apartado vaise despregar en varios:
 <p>Diagrama de estrutura de contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> A CORRENTE ALTERNA A CORRENTE ALTERNA CIRCUITOS RESONANCIA POTENCIA TRANSFORMACIÓN DA CORRENTE ALTERNA <p>Pilar Anta Fernández</p>	 <p>Diagrama de despregado de contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> A CORRENTE ALTERNA XERACIÓN DE CORRENTE ALTERNA REPRESENTACIÓN DE MAGNITUDES SENOIDALES PARÁMETROS VALORES CARACTERÍSTICOS DESFASE

Debes ler todas as páxinas fixándote ben no que xa coñeces e no que é novo, aproveita os recursos visuais para fixar conceptos e toma apuntamentos no teu caderno de traballo.

Nalgunhas páxinas hai enlaces a escenas interactivas do proxecto Newton que teñen actividades para realizar. O aspecto dos enlaces é o seguinte:

[CIRCUITO RL](#)

Noutras hai enlaces a outras páxinas que tamén debes ler.

Ao final debes ser quen de realizar todas as actividades e exercicios propostos.

Por suposto, non se trata dun traballo en solitario, a profesora está na aula para orientar e axudar en todo o que se precise.